

Samuel

Grace Paley

Tradución ao galego: E. E. Río

Algúns rapaces sonche ben bravos. A nada lle temen. Os típicos que gabean un muro e fan una reverenza no alto. Mais non só son afoutos no tellado, senón que mesmo montan barullo no máis escuro do soto, aló onde ata ao porteiros lle amola ir. Tamén arrandean e chimpan na plataforma que queda entre as portas pechadas dos vagóns de metro.

Catro rapaces están a arrandearse na plataforma oscilante. Chámanse Alfred, Calvin, Samuel e Tom. Os homes e mulleres dos vagóns a cada lado ollan para eles. Non lles gusta iso de que carriolen ou anden choutando pero tampouco queren intervir. Claro que algúns dos homes dos vagóns foron alguna vez mozos rillotes coma estes. Un deles enganchara na parte de atrás dun camión a todo gas dende nova York ata Rockaway Beach sen baixarse, sen ceibar os dedos entalados. E non lle pasou nada, nin daquela nin despois. Fixera un trato con outros rapaces que preferían mirar: comezando na Oitava Avenida e a Rúa Quince, el chegaría a algún lugar convidado, igual canda a Vintetrés e o río, choutando nos teitos dos camiións que circulaban. Isto volvía ben difícil cando un camión viraba nunha esquina na dirección que non era e o camión máis próximo ía algo máis alto. Fixo tres ou catro intentos antes de conseguilo. Collera a idea dunha película da escola titulada *O romance de bater récords*. Xa rematara a secundaria, casara cunha boa amiga, tiña un traballo responsable e asistía á universidade nocturna.

Estes dous homes e outros máis ollaban para os rapaces a chimpan e xogar na plataforma e coidaban: «Ha ser divertido viaxar así, especialmente agora que o tempo é bo e saímos do túnel, por riba do Bronx». Logo pensaban. «Eses rapaces andan facendo o parvo. Son uns mocosos». Logo matinaban nas proezas que fixeran cando novos e arrandearse non parecía tan perigoso.

As mulleres do vagón anoxaban moito ao ver aos catro nenos. Case todas enrugaban o cello, esperando que os rapaces captasen a súa completa desaprobación. Unha das mulleres quería levantarse e dicirlles: «Ide con ollo, paspáns, baixade da plataforma ou aviso á policía». Pero tres dos rapaces eran negros e do cuarto ela non podería asegurar que viña sendo. Tiña medo de que fosen uns xarelos e mofasen dela, avergoñándoa. Non temía que a fosen pegar, temía ao ridículo. Outra muller pensou: «As súas nais non han saber onde están». Mais neste caso, non era así. As súas nais sabían que eles foran ver a exhibición de misís da Rúa Catorce.

Aí fóra, na plataforma, cada vez que o tren aceleraba os rapaces alzaban as mans e apuntaban ao ceo, imitando foguetes a despegaren, martelaban na fiestra de vidro irrompible como metralladoras, se ben na exhibición non había metralladoras.

Por alguna razón que só soubo o maquinista, o tren minorou de súpeto. A muller que tiña medo de que a avergoñaran viu os rapaces abanearen adiante e atrás e agarrarse das oscilantes cadeas de seguridade. Ela tamén tiña un fillo na casa. Puxo en pe moi decidida e foi cara á porta. Deslizouna para abrila e dixo: “A ver, rapaces, ides mancar. É que ides matar. Vou chamar ao revisor se non entrades agora mesmo no vagón e sentades e quedades alí quietiños”.

Dous dos rapaces dixeron: «Si, s’ñora» e pareceu que facían o aceno de entrar. Dous deles pestanexaron un par de veces e apertaron os beizos. O tren recuperou a velocidade. A porta pechouse, separando a muller e os nenos. Ela apoiou na porta lateral porque xa lle tocaba baixar na seguinte parada.

Os rapaces miráronse cos ollos como pratos e botaron a rir. A muller arroibou. Os rapaces vírona e aínda esmendrellaron máis de risa. Empezaron a baterse nas costas de risa. Samuel era o que máis forte ría e bateu no lombo de Alfred até que a este lle deu a tos e lle choutaron as bágoas. Alfred apreixaba con forza o gancho da cadea. Samuel aínda bateu máis nel cando viu que choraba. Díxolle: «Ai, por que chorimicas? Es un bebé, lo?» e veña a rir. Un dos homes que na nenez fora máis de mirar que de afoutezas, encabuxou. Puxo de pe e ollou en fite aos rapaces durante uns segundos. De seguido, encamiñouse moi cheo de civismo até o fondo do vagón e tirou da panca de emerxencia. Case decontado, e cun terrible zunzún, a presión de aire abandonou os freos e as rodas trabaron e detivéronse.

A xente de pe nos lugares máis seguros saíu disparada cara adiante, logo cara atrás. Samuel soltárase da cadea para así bater en Tom e Alfred ao mesmo tempo. Todos os pasaxeiros dos vagóns abanearon adiante e atrás, pero el saíu lanzado só cara adiante e caeu de cabeza entre os vagóns, que o machucaron e mataron.

O tren parara de súpeto, a medio entrar na estación, e o revisor chamou de inmediato aos operarios que sabían desta clase de accidentes e como sacar o corpo de entre as rodas e os freos. Todo quedara en silencio, de non ser polos pasaxeiros dos outros vagóns a preguntar «Que foi? Que foi?» As mulleres andaban á espreita preguntándose se sería fillo único. Os homes lembraron outras tardes que remataran moi mal. Os rapaces quedaron quietos, ben xuntos, apoiados os uns nos outros e rozándose ombros e brazos e pernas.

Cando o policía petou na porta e deulle a noticia, a nai de Samuel rompeu a chorar. Chorou todo o día e chorou toda a noite, malia que os médicos intentaran tranquilizala con pastillas.

Ai, ai, laiaba sen acougo. Non sabía como ía encontrar outro rapaz como aquel. Porén, era nova aínda e quedou grávida. Logo duns meses recobrou a esperanza. O bebé era un neno. Trouxéronllo para que o vise e o aleitase. Ela sorriu. Pero de inmediato decatouse de que aquel bebé non era Samuel. Ela e o seu home tiveron máis fillos, pero nunca houbo outro rapaz exactamente igual a Samuel.